



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.E.I.P. “MAR DE FÓRA”**

R/ Alcalde Fernández, Nº 48

15155 Fisterra (A Coruña)

Teléfono: 881880658

Fax: 88188065

**ANEXO VI:**

**“PLAN DE CONTINXENCIA DO  
CEIP MAR DE FÓRA”**

O Plan de Continxencia do CEIP Mar de Fóra ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica.

## ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á aula Covid ( antiga conserxería) situada na entrada do cole, ata a recollida por parte da familia. Esta aula dispón de adecuada ventilación, xel hidroalcolico e papeleira con tapa de pedal. A continuación contactarase coa persoa responsable do maexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención no uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademáis dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica coa obrigatoriedade de utilizar a pantalla.
  - Se coincidisen o tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados con algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación

adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

- O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De conformidade co caso, o equipo Covid do centro educativo comunicará os datos do positivo ao centro de saúde de referencia e incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde e a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. .O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.
2. Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado (horario espello) que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vinculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.
3. Realizarase de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contarase coa apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa.
4. Comunicarase ás familias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e poida contribuír ao proceso educativo.
5. A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.
6. Para garantir o proceso, o profesorado que precise de formación básica necesaria deberá realizar de xeito inmediato unha formación facilitada polo propio centro educativo ou polos

servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado. Esta formación constitúe un dereito e unha obriga do profesorado, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Orgánica de Educación.

7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

8. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

9. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

10. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

11. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para este labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

12. O mesmo día do peche:

a) A dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

b) O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual pode contactar coa asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros

de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.

13. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 ( Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Programacións didácticas).

14. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria (Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregáraselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo).

15. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas aliñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

16. Garantírase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

17. A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

a) O mesmo día da corentena ou do peche o equipo directivo afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

b) Unha vez atendidas as necesidades iniciais a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

c) Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

d) Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o Anexo II e que se atopa dispoñible na páxina web do centro. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.

e) O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f) Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g) Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán

dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

Durante o período de suspensión da actividade presencial na etapa de infantil e na primeira etapa de primaria o profesorado decidirá a plataforma a empregar: aula virtual, páxina web, grupos de whatsapps...

Ademais tomaranse as seguintes medidas:

- a) Levarase a cabo unha desinfección profunda xa sexa polo persoal de limpeza ou por unha empresa especializada na aula ou aulas afectadas ou no centro educativo
- b) Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estime oportunas.

### **HORARIOS ESPELLO**

Aínda que a Resolución soamente se fai referencia aos niveis de 3º a 6º de primaria , incluiremos tamén Educación Infantil e a primeira etapa de primaria, aínda que con horarios máis flexibles que os esixidos para o resto dos niveis.

#### HORARIO ESPELLO 3º PRIMARIA

	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
9:00-9:50	E.F. -30' presencial online -20' práctica	MATES -30' presencial -20' práctica	MÚSICA -30' presencial online -20' práctica	MATES -30' presencial online -20' práctica	INGLÉS -30' presencial online -20' práctica
9:50-10:40	NATURAIS -30' presencial online -20' práctica	LENGUA -30' presencial online -20' práctica	LENGUA -30' presencial online -20' práctica	LENGUA -30' presencial online -20' práctica	RELI./VALO. -30' presencial online -20' práctica



10:40-11:30	LENGUA -30' presencial online -20' práctica	SOCIAIS -30' presencial online -20' práctica	E.F. -30' presencial online -20' práctica	NATURAIS -30' presencial online -20' práctica	MATES -30' presencial online -20' práctica
11:30-12:00	<b>RECREO</b>				
12:00-13:15	GALEGO -Lectura individual -30' presencial online -20' práctica	INGLÉS -Lectura individual -30' presencial online -20' práctica	GALEGO -Lectura individual -30' presencial online -20' práctica	GALEGO -Lectura individual -30' presencial online -20' práctica	GALEGO -Lectura individual -30' presencial online -20' práctica
<b>COMER</b>					
15:15-16:00	SOCIAIS -30' presencial online -15' práctica		INGLÉS -30' presencial online -15' práctica		
16:00-16:45	PLÁSTICA -30' presencial online -15' práctica		SOCIAIS -30' presencial online -15' práctica		
16:45-17:15	MATES -15' presencial online -15' práctica		MATES -15' presencial online -15' práctica		
17:15-18:15	TITORIAS				

### HORARIO ESPELLO 4º E.P.

4º primaria	Horario espello	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VEMRES
1º 9:00h	30mim online 20 traballo	E.Física	Libre Conf	Música	Matemáticas	Música
2º 9:50h	30mim online 20 traballo	C. Naturais	Matemáticas	Lengua	Língua	matemáticas
3º 10:40h	30mim online	Lengua	Lingua	E.Física	C. Naturais	Alternativa

	20 traballo					relixión
Recreo 11:30h						
h. de ler 12:00h						
4º 12:20h	30mim online 20 traballo	Matemáticas	Lengua	Lingua	Lengua	Inglés
5º 15:15h	27mim online 18 traballo	Inglés		C.Sociais		
6º 16:00h	27mim online 18 traballo	Plástica		Inglés		
7º 16:45h	20 mim online 10 traballo	Lingua		Lingua		

### HORARIO ESPELLO 5º E.P.

HORARIO ESPELLO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	MATEMÁTICAS 30min.video 20min.trab.ind.	INGLÉS 30min.video 20min.trab.ind	PLÁSTICA 30min.video 20min.trab.ind	MATEMÁTICAS 30min.video 20min.trab.ind.	MÚSICA 30min.video 20min.trab.ind
9:50-10:40	LENGUA 30min.video 20min.trab.ind.	MATEMÁTICAS 30min.video 20min.trab.ind.	MATEMÁTICAS 30min.video 20min.trab.ind.	LINGUA 30min.video 20min.trab.ind.	MATEMÁTICAS 30min.video 20min.trab.ind.
10:40-11:30	LINGUA 30min.video 20min.trab.ind.	LENGUA 30min.video 20min.trab.ind.	LENGUA 30min.video 20min.trab.ind.	INGLÉS 30min.video 20min.trab.ind	LENGUA 30min.video 20min.trab.ind.
12:00-13:15	INGLÉS 30min.video 20min.trab.ind	LINGUA 30min.video 20min.trab.ind.	LINGUA 30min.video 20min.trab.ind.	NATURAIS 30min.video 20min.trab.ind.	VALORES30min. video 20min.trab.ind.
15:15-16.00	NATURAIS 30min.video 15 min.trab.ind		SOCIAIS 30min.video 15 min.trab.ind		
16.00-16.45	E.F. 30min.video 20min.trab.ind		E.F. 30min.video 20min.trab.ind		

16.45-17.15	SOCIAIS 15 min.video 15 min.trab.ind	SOCIAIS 15 min.video 15 min.trab.ind
17:15-18:15	TUTORÍA PAIS/NAIS ALUMNADO	

### HORARIO ESPELLO 6ºE.P.

	LUNS	MARTES	MÈRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	L.CAS 30min docencia 20min tarefas	L.GAL 30min docencia 20min tarefas	ING 30min docencia 20min tarefas	MATE 30min docencia 20min tarefas	L.GAL 30min docencia P.T 20min tarefas
9:50 10:40	PLÁST 30min docencia 20min tarefas	MATE PT 30min docencia 20min tarefas	MATE 30min docencia 20min tarefas	C.SOC 30min docencia 20min tarefas	C.NAT 30min docencia 20min tarefas
10:40 11:30	C.SOC 30min docencia 20min tarefas	E.FÍS 30min docencia 20min tarefas	L.CAS P.T 30min docencia 20min tarefas	MÚSIC 30min docencia 20min tarefas	ING 30min docencia 20min tarefas
11:30 12:00	RECREO				
12:00 13:15	L.GAL 30min docencia 20min tarefas	L.C 30min docencia 20min tarefas	C.SOCI 30min docencia 20min tarefas	L.CAS 30min docencia 20min tarefas	E.FÍS 30min docencia 20min tarefas
	XANTAR				
15:15 16:00	MATE 30min docencia 15min tarefas		REL/A LT 30min docencia 15min tarefas		
16:00 16:45	ING 30min docencia 15min tarefas		C.NAT 30min docencia 15min tarefas		
16:45 17:15	MATE 30min docencia 15min tarefas		MATE 30min docencia 15min tarefas		
17:15 18:15	TUTORÍA				

### EDUCACIÓN INFANTIL

En caso de confinamento, dende a aula de **4º de Educación Infantil** empregaremos os medios que xa se deron a coñecer ás familias ao comezo de curso na reunión inicial en grupo, como son os seguintes.

O blogue de aula será a referencia para expoñer as actividades que levaremos a cabo para continuar co proceso de ensinanza-aprendizaxe, que actualmente empregamos para que as familias podan observar a evolución dos seus fillos e fillas.

Para establecer comunicación cas familias, seguiremos empregando o Espazo Abalar e o teléfono para outras cuestións, dúbidas e titorías; xunto co correo electrónico como outro medio de comunicación e para facer chegar tarefas resoltas. E tamén empregaremos a aplicación Cisco Webex para establecer videochamada.

Desde o nivel de **5º de Educación Infantil**, en caso de confinamento, o principal medio de comunicación coas familias será o Espazo Abalar, por onde se enviarán todas as comunicacións e se respostarán as dúbidas que xurdan. Como instrumento de traballo para compartir as propostas didácticas, recursos,...empregarase principalmente o blogue de aula. Poderán aportar actividades resoltas por medio do correo electrónico.

De ser necesario e para certas actividades e titorías, tamén se poderán usar a vía telefónica e a aplicación de videochamada Cisco Webex.

En relación ao curso **6º de Educación Infantil** ante a posibilidade de confinamento ou educación mixta, pediuse unha autorización aos pais/nais/titores para compartir, si fora preciso, recursos, actividades en formato vídeo, audio ou fotográfico na aplicación “ClassDojo”. Ademais contamos para comunicarnos e resolver dúbidas ou un contacto máis directo para resolver problemáticas de diversa índole contamos con Cisco Webex.

### 1º E.P.

No curso de 1º EP Mar de Fóra, no caso dun confinamento ou cuarentena total ou parcial establecerei un traballo semanal priorizando actividades a través de videoconferencias, vídeos e actividades interactivas onde o meu alumnado poda interactuar dunha maneira directa connigo, segundo as recomendacións das administracións educativas.

Os mecanismos de actuacións son:

- Apertura de sala de mensaxería en Abalar móbil para comunicarme coas familias.
- Emprego das plataformas de videoconferencia (webex ) ou vía telefónica para ter contacto directo co alumnado. Os accesos ás diferentes clases estarían colgados no propio curso na aula virtual. Sempre respetando os horarios cos especialistas, facendo unha comunicación semanal con eles/as.

### 2ºE.P.

Co alumnado de 2º de Educación Primaria en caso de confinamento traballaría as materias troncais (Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Matemáticas, Lingua Castelá e Lingua Galega e Literatura) por medio de recursos como o classdojo, unha aplicación que funciona como fío condutor coas familias e ademais permítete enviarlles fichas, vídeos, en laces ou calquer recurso educativo.

Por exemplo: na área de matemáticas se estamos traballando as sumas levadas podo mandar material ou fichas mediante o classdojo que a subirei á historia da clase, ben podemos escolle-lo de maneira individual para cada discente mandar a actividade ou ben de maneira para que o vexa todo o grupo mediante a historia da clase.

Ademáis do classdojo empregarei o recurso de abalar mobil, para estar en contacto e informar as familias de todo o que imos a traballar co alumnado.

Por último, empregarei o recurso webex para facer videochamadas co alumnado coma se fose unha clase presencial só que sería mediante a ferramenta TIC a distancia, para explicar os contidos e asesorar ao alumnado ao longo do curso ante un posible confinamento.

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Dende o Departamento de Orientación, respectaranse en todo momento os horarios dos titores/as, e sempre en coordinación cos demais especialistas, para dar os apoios correspondentes ao alumnado con NEAE por parte das mestras especialistas de PT e AL. Conectaranse á mesma hora que o titor/a, pero incidindo de forma individual con cada alumno /a, respectando o seu ritmo de traballo, e a súa curva de fatiga.

### MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de retorno á actividade educativa ordinaria presencial.

O grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.